



Nº. Ref.: 6 Educación

Asunto: Comunicación **admisión e convocatoria xuntanza** pais, nais ou titores solicitantes do Programa Mañanceiro curso escolar 2018/19 do alumnado do CEIP W. Fdez. Flórez de Cambre, Portofaro, Graxal, Gonzalo Torrente Ballester, e Emilio González López.

Comunicamos que **están admitidas** todas as solicitudes presentadas **en prazo** para participar no Programa “Mañanceiro” para o vindeiro curso escolar 2018/19, segundo os servizos solicitados por cada unha.

Por primeira vez, haberá servizo de almorzo en todos os centros escolares de Cambre: CEIP Plurilingüe Graxal, Portofaro, Emilio González López, Gonzalo Torrente Ballester e Wenceslao Fernández Flórez.

Aínda que houbo máis solicitudes que prazas ofertadas nun primeiro momento, fixemos un grande esforzo para admitir a todos os solicitantes que presentaron a súa solicitude no prazo establecido e non deixar a ninguén sen praza dado que este programa é unha medida importante que facilita a conciliación da vida laboral e familiar das familias de Cambre.

O programa comezará o vindeiro mércores 12 de setembro de 2018, día que comeza o curso escolar 2018-2019, (a excepción do alumnado de 3 anos, que o fará cando remate o seu período de adaptación establecido no seu centro), e continuará ata o remate do curso escolar, segundo o calendario escolar vixente.

E o vindeiro luns 10 de setembro ás 16:30 horas, faremos unha xuntanza no Salón de Actos do local sociocultural da Barcala (rúa/ Río Barcés nº6, A Barcala, Cambre) para informar acerca do desenvolvemento do programa en cada un dos centros escolares de Cambre. A dita xuntanza está especialmente indicada para os pais, nais ou titores do alumnado que vai ser usuario do Mañanceiro por primeira vez, xa que os que asistiron en cursos anteriores xa teñen coñecemento de cómo é o funcionamento do mesmo.

Para calquera consulta podedes chamar ao Concello de Cambre (departamento de Educación): 981 613 291.

Recibide un cordial saúdo,
Mª Jesús Gómez González

Concelleira de Educación
Cambre, 20 de xullo de 2018

A. A.: Pais/ nais ou titores solicitantes do Programa Mañanceiro curso escolar 2018/19 do alumnado do CEIP W. Fdez. Flórez de Cambre, Portofaro, Graxal, Gonzalo Torrente Ballester, e Emilio González López.